

Aurora Marco

'Este dicionario servirá para a coñecer a centos de mulleres'

XAN CARRALLA

Dicionario de Mulleres Galegas (A Nosa Terra) é o último libro de Aurora Marco. Un traballo que resgata do esquecemento unha chea de protagonistas ás que historia lles negou recoñecemento e cuxa saída coincide co Día Internacional das Mulleres. Aurora Marco (Teruel, 1948) é profesora na Universidade de Santiago e ten unha ampla bibliografía de estudos literarios e lingüísticos. Prepara agora un traballo sobre a muller na guerrilla antifranquista.



FRANCO VILABARROS

Cando comezou a xestarse o *Dicionario*?

Non sabería dicir cando empecei no traballo de recuperación da memoria das mulleres. Nos anos 80, facendo outras investigacións, adiqueime moito á biblioteca e comecei a ver moitos nomes de mulleres que me chamaban a atención, con referencias a poemas que non estaban publicados, a conferencias que impartían e outras. Daquela fixen unha aproximación ao labor das mulleres escritoras. Desde entón empecei a anotar todas as referencias que ía atopando e xuntei un volume considerable de material relativo ás mulleres. Fixen traballos sobre mulleres na literatura e na educación e tamén sobre o sexismo na linguaxe. A preocupación pola perspectiva de xénero era un eixo central. Comecei a pensar que este dicionario sería un instrumento para facer visíbeis as mulleres galegas e axudaría moito a desenvolver os estudos de xénero. Toda a bibliografía que figura no dicionario foi consultada e resultou un labor intenso, porque nunca pensei que fosen tantas, e iso que o límite temporal que marquei é 1975. Se xa o que fixen precisaría unha equipa de traballo, para seguir para adiante é imprescindible. As referencias eran, ben de veces, moi fragmentarias e cando Enrique Acuña me solicitou o traballo xa me puxen a facelo, con períodos nos que mesmo me vin superada polo volume que acadaba, non podía ler tanto libro nin procurar por tantas partes: historias do cine, da radio, historias locais, fontes orais... Foron moitos anos e botei desde 2003 centrada en exclusividade.

O criterio que seguía non é só de mulleres famosas?

Están todas as mulleres que fixeron contribucións á sociedade, en diferentes ámbitos, exercendo o seu traballo, tan importante como o de moitos homes que si figuran en enciclopedias e historias da literatura ou das artes. Elas estaban ausentes por esa tradición secular que excluíu as mulleres da historia. Pensei que era importante recuperalas e por iso o dicionario nace co afán globalizador de recuperar todas as traxectorias femininas que deben ficar en letra impresa. Escritoras, pintoras, músicas, médicas, arquitectas, redeiras, perchebeiras, mulleres que xa na Idade Media se dedicaban ao comercio marítimo, deportistas... E non digamos xa as que tiveron relevancia na guerra do 36 e na posguerra: sindicalistas, militantes de partidos, guerrilleiras, enlaces da guerrilla... O abano procurou a totalidade.

Unha vez feita a investigación

Máis de tres décadas dedicada á Didáctica da Lingua e Literatura galegas. Mudou a perspectiva do ensino nese tempo?

Moito en canto á metodoloxía pero segue habendo a comodidade do tradicional e tamén unha obsesión pola normativa, máis alá dos anos de primaria e secundaria, mesmo na Universidade. É unha obsesión porque desmotivou o alumnado e dificilmente poderíase engancharlo. Motivación, metodoloxías activas, búsqueda de lecturas que conecten cos seus intereses e menos obsesión polos acentos ou as variantes lingüísticas redundarían nunha maior cu-

non hai ningunha exclusión?

Están todas, independentemente de que se adique máis espazo a unhas ou outras. A selección xa a fará quen lea o dicionario. Todas aquelas mulleres con actividade pública coñecida no seu campo merecen estar aquí. Igual que se fai noutra caste de traballos semellantes, que aparecen autores cunha pequena obra pero igualmente son referenciais. Non é un dicionario elitista.

¿Até que punto axuda nesta recuperación que unha

muller que tamén abordou o problema da visibilidade da muller, como Rosalía de Castro, sexa tamén un símbolo literario fundador?

Todo é máis comprensible desde o momento que iso é valorado. No século XIX Rosalía, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán son tres mulleres galegas que defenderon a visibilidade e os dereitos das mulleres. Rosalía coa súa obra xa dixó moito e escribiu *Carta a Eduardo* en *Las Literatas* que aborda

singularmente ese problema e ten personaxes femininas inusuais para aquel tempo. Isto é importante sempre que se valorice. Seguindo co caso de Rosalía até o ano 1985, no Congreso Internacional, non era apenas estudada desde o punto de vista feminista. Por iso é unha axuda importante.

A obra segue aberta?

Non pode ser doutra maneira. Aquí hai mulleres das que apenas se ofrecen datos, por exemplo nos centos delas que se dedicaron á actividade teatral, xa

desde século XIX, que fun atopando nos clásicos que se publicaban nos programas, en libros ou nos xornais. A partir desas referencias pequenas pódense no futuro facer novos traballos. Xa pasara co traballo que editei sobre as Precursoras, que deu pé a dúas teses na Universidade de Santiago e tamén resultou pioneiro porque descubriu corenta e catro mulleres das que apenas se sabía. Este dicionario é moito máis ambicioso e pode propiciar novas escusas, máis acotadas no tempo ou sectorialmente.

A razón da invisibilidade é histórica e social, pero atopamos ocultación de obras importantes?

Cada vez contéplase máis a perspectiva de xénero pero a historia sempre estivo sistematizada desde o punto de vista masculino. A meados dos 70 introducíronse estas novas análises sobre diferentes áreas, da arte á filosofía, da literatura á política... e entón visibilizáronse moitas mulleres cun papel importantísimo. Pensei que este dicionario non tería razón de ser se a realidade das mulleres fose outra, daquela formarían parte dun todo común, pero hoxe faise necesario para acadar a igualdade. Coido que vai ser un instrumento útil, porque non se trata de separar a historia dos homes e as mulleres e si de integrala, pero isto non estaba feito.

O que pon en solfa outras enciclopedias e dicionarios feitos con criterio global.

E mesmo algunhas que presumen de exhaustividade. Pero tamén é un estímulo para as historias locais nas que houbo mulleres importantes que pasaron desapercibidas. Mesmo topei textos nos que as mulleres non eran citadas nin polos nomes nin polos apelidos, como por exemplo cando se fala de guerrilleiras ou enlaces da resistencia á ditadura. Conseguílo foi un esforzo de escola exhaustivo.

Mesmo referíndonos a ese período, sen mulleres non habería guerrilla e ademais sufriron unha represión especial.

Porque estaban nas casas expostas á persecución directa e moitas eran as que os fornecían de intendencia, alimentos, armas, avisos, viviancia... tanto na guerrilla do monte como na da chaira. Agora teño que comezar a redacción dun libro no que levo anos xa traballando sobre as mulleres na guerrilla antifranquista. Sabíamos da súa importancia pero non cheguei a pensar en tantas como foron. O Ano da Memoria supuxo un avance para romper as resistencias da xente a falar, e mesmo teño atopado persoas ás que falar do seu pasado resultoulle terapéutico. ♦

'Cando comecei a dar clase chegaba máis xente falando galego'

ria, mesmo na Universidade. É unha obsesión porque desmotivou o alumnado e dificilmente poderíase engancharlo. Motivación, metodoloxías activas, búsqueda de lecturas que conecten cos seus intereses e menos obsesión polos acentos ou as variantes lingüísticas redundarían nunha maior cu-

riosidade. Dou clases de Didáctica de Lingua e Literatura e os alumnos díxime que o que lle interesa é meterse no texto literario, tratar de conectar cos xéneros, facer un poema ou un texto narrativo. En definitiva conectar porque sen conexión non hai nada que facer. Igual que esas maneiras de

ensinar a literatura do punto de vista historiográfico, con datas de nacemento e morte ou anos de publicacións. Ese é un traballo secundario que teñen que facer fóra das aulas. A obriga do docente é despertar o espírito crítico do alumnado, como dicía Paulo Freire os alumnos non poden

ser un elemento bancario que escoita clases maxistras nas que están apampados. Iso hai que mudalo porque notei unha regresión no uso do galego. Cando comecei chegárame moita máis xente falando galego do que hoxe, que non é que non teñan coñecemento pero perderon uso. ♦